

ACTA NÚM. 4/2020.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 28 DE ABRIL DE 2020.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 28 de abril de 2020, reuníronse por vía telemática por mor do covid-19 en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA.(PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
NATALIA FARIÑA GARCÍA.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

-. BNG:

FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asiste:

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

-
- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 10.03.2020.
 - 2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 14.02.2020 AO 22.04.2020.
 - 3º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE PROXECTO CORRIXIDO DE OBRAS.
 - 4º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2019.
 - 5º) MOCIÓN.
 - 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 10.03.2020.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 3/2020, do 10.03.2020.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 14.02.2020 AO 22.04.2020.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Data sinatura	Nº Decreto	Asunto
17/02/2020	00072/2020	SOLICITUDE APROL RURAL 2020
17/02/2020	00073/2020	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 05/2020-D
17/02/2020	00074/2020	DECRETO AXUDA A DOMICILIO XANEIRO
17/02/2020	00075/2020	DECRETO AXUDA A DOMICILIO DEPENDENCIA XANEIRO
17/02/2020	00076/2020	SOLICITUDE MANTEMENTO E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA
17/02/2020	00077/2020	DECRETO TAXACIÓN COSTAS SENTENZA DITADA NO PA 219/18
18/02/2020	00078/2020	DECRETO RESOLUCIÓN SANCIONADORA EN MATERIA DE TRÁFICO
18/02/2020	00079/2020	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN POR ADMINISTRACIÓN DA OBRA DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DAS ALDEAS DE MATO E BUSTO DE FRADES E DE CAMIÑOS EN VILAR E ONS.
18/02/2020	00080/2020	APROBACIÓN DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE CATERING DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.
18/02/2020	00081/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/9
18/02/2020	00082/2020	DECRETO DE PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO
18/02/2020	00083/2020	DECRETO DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO
19/02/2020	00084/2020	CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 20.02.2020.
20/02/2020	00085/2020	RESOLUCIÓN LIQUIDACIÓN RECIBOS LIXO PARA A DEPUTACIÓN
20/02/2020	00086/2020	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRON FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANÓN DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2019.
20/02/2020	00087/2020	CONVOCATORIA COMISIÓN DE SERVIZOS 26.02.2020.
20/02/2020	00088/2020	CONVOCATORIA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) 26.02.2020.
20/02/2020	00089/2020	CONVOCATORIA PLENO 27.02.2020
20/02/2020	00090/2020	AUTORIZACIÓN DE LICENZA MUNICIPAL PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS
21/02/2020	00091/2020	SOLICITUDE OBRADOIRO EMPREGO FORESTAMES-BRION
25/02/2020	00092/2020	DECRETO ADXUDICACIÓN DE VIVENDA A GARDA CIVIL
25/02/2020	00093/2020	INCOACIÓN DE PROCEDIMENTO PARA A EXECUCIÓN DIRECTA DE OBRAS DE URBANIZACIÓN EN AVENIDA DOS ÁNXELES NÚM. 25.
25/02/2020	00094/2020	INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A EXECUCIÓN DIRECTA DE OBRAS DE URBANIZACIÓN EN AVENIDA DE NOIA 16.
25/02/2020	00095/2020	IMPOSICIÓN DE 1ª MULTA COERCITIVA EN EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EN AVENIDA DE SANTA MINIA 81.
25/02/2020	00096/2020	ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DE SS.SS. COMUNITARIOS 2020

25/02/2020	00097/2020	APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PERSOAL GES.
25/02/2020	00098/2020	AUTORIZACIÓN DE LICENZA MUNICIPAL PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS
25/02/2020	00099/2020	BAIXA RECIBOS DO LIXO
27/02/2020	00100/2020	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 06/2020-D, 07/2020-D E BAIXA NO SAF MUNICIPAL EXPTE. 08/2018-M
27/02/2020	00101/2020	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL DE ARTES ESCÉNICAS BRIÓN INCLÚE
27/02/2020	00102/2020	COMISIÓN DE SERVIZOS ENTROIDO 2020
27/02/2020	00103/2020	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. FEBREIRO 2020.
27/02/2020	00104/2020	CONTRATO MENOR SUBMINISTRO EQUIPOS FOTOVOLTAICOS PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL
27/02/2020	00105/2020	PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO
28/02/2020	00106/2020	APROBACIÓN DE PROXECTO CORRIXIDO DO PLAN COMPLEMENTARIO DO POS+2020.
28/02/2020	00107/2020	XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES DO PROXECTO DO PLAN COMPLEMENTARIO DO POS + 2020: PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE ALDEAS E CAMIÑOS NO CONCELLO DE BRIÓN: TRASOUTEIRO - BRIÓN DE ARRIBA - SAÍME E CAMIÑO EN ESPÍNEIROS,
28/02/2020	00108/2020	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE FEBREIRO DE 2020
28/02/2020	00109/2020	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE FEBREIRO DE 2020
28/02/2020	00110/2020	SOLICITUDE PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO AMES-BRION 2020-2021
28/02/2020	00111/2020	ALUGUER CAFETERÍA CENTRO SOCIAL - FEBREIRO 2020
28/02/2020	00112/2020	APROBACIÓN DA SEGUNDA E DERRADEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE INSTALACIÓN DE MÁQUINAS DE VENDING NO POLIDEPORTIVO E CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL.
03/03/2020	00113/2020	APROBACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2020-2021.
04/03/2020	00114/2020	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) PARA O DÍA 09.03.2020.
04/03/2020	00115/2020	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS PARA O DÍA 09.03.2020.
04/03/2020	00116/2020	SOLICITUDE SUBVENCIÓN SOCORRISMO 2020
04/03/2020	00117/2020	DECRETO CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 05.03.2020.
05/03/2020	00118/2020	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO PARA O DÍA 10.03.2020.
05/03/2020	00119/2020	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS REFERIDAS AO MES DE FEBREIRO. MODELO IRPF 111 E IVE 303
05/03/2020	00120/2020	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO URBANÍSTICO DO CONCELLO
06/03/2020	00121/2020	ADHESIÓN AO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL: PEL_CONCELLOS ANUALIDADE 2020.
06/03/2020	00122/2020	PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO
09/03/2020	00123/2020	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MARZO
09/03/2020	00124/2020	DECRETO PADRÓN AXUDA A DOMICILIO BASICA FEBREIRO
09/03/2020	00125/2020	DECRETO PADRÓN AXUDA A DOMICILIO DEPENDENCIA FEBREIRO
09/03/2020	00126/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/12
10/03/2020	00127/2020	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO EN MATERIA DE URBANISMO.
10/03/2020	00128/2020	CONCESIÓN DO DESFRUTE DE PERMISOS E VACACIÓNS AO PERSOAL MUNICIPAL.
10/03/2020	00129/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/14
12/03/2020	00130/2020	APROBACIÓN DO PROXECTO CORRIXIDO DAS OBRAS DO POS + 2020: PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE BRIÓN: CHAVE DE PONTE, RÚA GONDAR, CABANAS – SAIME, BASTAVALIÑOS, SOUTULLOS E BEMIL.
12/03/2020	00131/2020	CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 13.03.2020
12/03/2020	00132/2020	APROBACIÓN DA NON DIVISION EN LOTES DO PROXECTO: PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE BRIÓN: CHAVE DE PONTE, RÚA GONDAR, CABANAS – SAIME, BASTAVALIÑOS, SOUTULLOS E BEMIL.

12/03/2020	00133/2020	DECRETO LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL ANO 2019
12/03/2020	00134/2020	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E A FAEPAC PARA O FOMENTO DO AFORRO E A EFICIENCIA ENERXETICA
12/03/2020	00135/2020	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 02/2020
12/03/2020	00136/2020	LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/EXCLUIDOS DAS PRAZAS DO GES, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E CITACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO 1º EXERCICIO.
12/03/2020	00137/2020	SUSPENSIÓN DAS ACTIVIDADES SOCIAIS, CULTURAIS E EDUCATIVAS DO CONCELLO DE BRIÓN.
13/03/2020	00138/2020	SOLICITUDE ADHESION Á PLATAFORMA XATEMPREGO
13/03/2020	00139/2020	APROBANDO SUSPENSIÓN TEMPORAL DA PISCINA MUNICIPAL POLO COVID-19.
16/03/2020	00140/2020	SUSPENSIÓN DA REALIZACIÓN DO 1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DAS PRAZAS DO GES..
16/03/2020	00141/2020	ADOPCIÓN DE MEDIDAS POR MOR DO ESTADO DE ALARMA DECRETADO POLO GOBERNO DO ESTADO.
16/03/2020	00142/2020	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 3 (FINAL) DA OBRA DO PROXECTO DE CAMIÑO DE MOURENTÁNS A POUSADA DE ABAIXO POR FORXÁN E OUTROS.
18/03/2020	00143/2020	APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN RONSEL PARA A ATENCIÓN XURÍDICA DAS PERSOAS INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS.
18/03/2020	00144/2020	SUSPENSIÓN DE PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN POR MOR DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA.
18/03/2020	00145/2020	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SUBMINISTRO DE EPIS PARA O SERVIZO GES (INCENDIOS ESTRUTURAIS)
25/03/2020	00146/2020	DISTRIBUCIÓN ALIMENTOS MARZO 2020
25/03/2020	00147/2020	ALTA EXTRAORDINARIA SAF Nº1 - APOIO DURANTE O ESTADO DE ALARMA POLO COVID-19
25/03/2020	00148/2020	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SUBMINISTRO DE EPIS(GES) PARA INTERVENCIÓNS EN RESCATE E EN MATERIA FORESTAL
26/03/2020	00149/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/16 ENERXÍA ELÉCTRICA
27/03/2020	00150/2020	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 8/2020-D
27/03/2020	00151/2020	DECRETO DEVOLUCIÓN DE AVAL
27/03/2020	00152/2020	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE LIMPEZA DE BEIRARRÚAS E DO PASEO FLUVIAL
27/03/2020	00153/2020	DECRETO DEVOLUCIÓN DE FIANZAS
30/03/2020	00154/2020	RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL. MARZO 2020.
30/03/2020	00155/2020	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. MARZO 2020
02/04/2020	00156/2020	DEVOLUCIÓN DE ICIO DE EXPEDIENTE DE LICEZA URBANÍSTICA CONCEDIDA POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19.07.2008.
02/04/2020	00157/2020	DECRETO CONCESIÓN PREMIOS DESFILE ENTROIDO 2020
02/04/2020	00158/2020	REMISIÓN EXPEDIENTE PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000045/2020-M E EMPRAZAMENTOS.
02/04/2020	00159/2020	ENCOMENDA DE DEFENSA E REPRESENTACIÓN NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000045/2020-M
02/04/2020	00160/2020	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE MARZO DE 2020
02/04/2020	00161/2020	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE MARZO DE 2020
04/04/2020	00162/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/17
04/04/2020	00163/2020	RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/18 CONTRATO
07/04/2020	00164/2020	APROBACIÓN DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES DO CEIP, CENTRO SOCIAL E CASA DO CONCELLO.
08/04/2020	00165/2020	APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA REFERIDA AO MES DE MARZO. MODELO IRPF 111
13/04/2020	00166/2020	RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. ABRIL 2020
20/04/2020	00167/2020	DECRETO AXUDA A DOMICILIO DEPENDENCIA MARZO
20/04/2020	00168/2020	DECRETO AXUDA A DOMICILIO BÁSICA
20/04/2020	00169/2020	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO GES 2019. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.
22/04/2020	00170/2020	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SERVIZO: MANTEMENTO E REPARACIÓN ALUMEADO PÚBLICO.

22/04/2020	00171/2020	ALTA EXTRAORDINARIA SAF Nº2 - APOIO DURANTE O ESTADO DE ALARMA POLO COVID-19
22/04/2020	00172/2020	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DO POS + ADICIONAL 1/2019, 2ªFASE: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA TRAVESÍA DE BASTAVALIÑOS.
22/04/2020	00173/2020	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS DÍA 27.04.2020.
22/04/2020	00174/2020	CONVOCATORIA SESIÓN PLENO DÍA 28.04.2020.

O Pleno queda enterado.

3º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE PROXECTO CORRIXIDO DE OBRAS.

Dada conta do decreto da alcaldía do 12.03.2020, cuxa ratificación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 27.04.2020, que transcrito di:

ANTECEDENTES:

1. O Pleno do Concello en sesión do 18.12.2019 aprobou o PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + 2020.

2. Aprobouse o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúe o investimento financeiramente sostible que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto ou prego de prescricións técnicas: PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE BRIÓN: CHAVE DE PONTE, RÚA GONDAR, CABANAS – SAIME, BASTAVALIÑOS, SOUTULLOS E BEMIL, cun orzamento de: 146.774,90 euros.

3. Remitida a documentación á Deputación, a mesma con data 30.01.2020 remite requirimento para aprobar o proxecto corrixido por atopar as seguintes deficiencias:

- Segundo o artigo 233 apartado b) da Lei 9/2017, a planimetría deberá ser o suficientemente descritiva para que se poida deducir dela as medicións que sirvan de base para as valoracións pertinentes e para a exacta realización da obra, polo que será necesario achegar os perfís lonxitudinais das redes de saneamento así como as seccións e/ou definición dos capítulos 3 e 4 relacionados coa instalación dos bombeos de aceleración e as unidades definidas no capítulo 5 sobre a planimetría.
- Deberán achegar os cálculos xustificativos da instalación de bombeo na rede de abastecemento.

Realizadas as correccións requiridas no proxecto, en execución do acordo plenario do 18.12.2019, resolvo:

1º) Aprobar o proxecto corrixido da obra: PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE BRIÓN: CHAVE DE PONTE, RÚA GONDAR, CABANAS – SAIME, BASTAVALIÑOS, SOUTULLOS E BEMIL, cun orzamento de: 146.774,90 euros.

2º) Remitir o proxecto corrixido á Deputación para a continuación do expediente.

3º) Deste decreto se dará conta ao Pleno para os efectos da súa ratificación.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación do decreto, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a ratificación do decreto nos seus propios termos.

4º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2019.

Dada conta do expediente de aprobación da liquidación do orzamento do Concello de 2019 aprobada por resolución da alcaldía do 12.03.2020, que transcrita di:

ANTECEDENTES:

Confeccionada a Liquidación do Orzamento Municipal do 2019, de conformidade coa normativa de aplicación, e especialmente coas seguintes disposicións:

Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, art.191 a 193.

Real Decreto 500/90 de 20 de abril; art. 89 a 105.

Orde EHA/3565/2008, pola que se establece a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

Orde EHA/1781/2013, de 20 de setembro, que aproba a Instrución Modelo Normal de Contabilidade Local.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (LOEPSF).

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais (Regulamento).

Emitido informe preceptivo pola Intervención Municipal de fecha 11 de marzo do 2020 de conformidade co establecido no art. 90.1 del RD 500/1990, de 20 de abril e do art. 191.3 del TR da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo de 5 de marzo.

En virtude das competencias que me confire a normativa e de acordo co establecido nas Bases de Execución do Orzamento Municipal, pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do orzamento do Concello de Brión correspondente ao exercicio de 2019, que ten os seguintes resultados:

a.- Resumo por capítulos:

GASTOS PRESUPUESTARIOS	C.I.	M.C.	C.D.	O.R.N	%	PAGOS REALIZADOS	REINTEGROS DE GASTOS	PAGOS LÍQUIDOS	PENDIENTES DE PAGO
1. Gastos de persoal	2.231.842,49 €	28.811,68 €	2.260.654,17 €	2.049.255,57 €	90,65 %	2.047.618,31 €	45.868,53 €	2.001.749,78 €	47.505,79 €
2. Gastos en bens correntes e servizos	2.588.847,61 €	131.434,80 €	2.720.282,41 €	2.292.319,41 €	84,27 %	2.292.679,48 €	360,07 €	2.292.319,41 €	0,00 €
3. Gastos financeiros	5.000,00 €	0,00 €	5.000,00 €	558,16 €	11,16 %	558,16 €	0,00 €	558,16 €	0,00 €

4. Transferencias Corrientes	617.110,21 €	-77.000,00 €	540.110,21 €	481.126,96 €	89,08 %	474.387,95 €	0,00 €	474.387,95 €	6.739,01 €
5. Fondo de Contingencia	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
6. Inversións reais	859.310,65 €	1.352.797,78 €	2.212.108,43 €	1.412.886,49 €	63,87 %	1.466.769,41 €	53.882,02 €	1.412.886,49 €	0,00 €
7. Transferencias de capital	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
8. Activos financeiros	24.000,00 €	0,00 €	24.000,00 €	3.639,30 €	15,16 %	3.639,30 €	0,00 €	3.639,30 €	0,00 €
9. Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	6.326.110,96 €	1.436.044,26 €	7.762.155,22 €	6.239.785,89 €	80,39 %	6.285.652,61 €	100.110,62 €	6.185.541,09 €	54.244,80 €

INGRESOS PRESUPUESTARIOS	P.I.	M.C.	P.D.	D.R.N	%	INGRESOS REALIZADOS	DEVOLUCIONES DE INGR	RECAUDACIÓN LÍQUIDA	PENDIENTE DE COBRO
1. Impuestos directos	1.871.426,02 €	0,00 €	1.871.426,02 €	1.958.044,86 €	104,63 %	1.958.044,86 €	0,00 €	1.958.044,86 €	0,00 €
2. Impuestos indirectos	43.134,28 €	0,00 €	43.134,28 €	70.707,18 €	163,92 %	55.173,41 €	0,00 €	55.173,41 €	15.533,77 €
3. Taxas outros ingresos	1.217.485,33 €	0,00 €	1.217.485,33 €	1.270.248,55 €	104,33 %	1.220.301,90 €	715,49 €	1.219.586,41 €	50.662,14 €
4. Transferencias corrientes	2.653.713,25 €	183.375,35 €	2.837.088,60 €	2.777.865,09 €	97,91 %	2.796.920,74 €	19.055,65 €	2.777.865,09 €	0,00 €
5. Ingresos patrimoniais	2.679,32 €	0,00 €	2.679,32 €	4.127,35 €	154,04 %	3.920,74 €	0,00 €	3.920,74 €	206,61 €
6. Enajenación en inversións reais	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
7. Transferencias de capital	513.672,76 €	568.346,04 €	1.082.018,80 €	324.777,07 €	30,02 %	324.777,07 €	0,00 €	324.777,07 €	0,00 €
8. Activos financeiros	24.000,00 €	684.322,87 €	708.322,87 €	2.360,66 €	0,33%	2.360,66 €	0,00 €	2.360,66 €	0,00 €
9. Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00%	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	6.326.110,96 €	1.436.044,26 €	7.762.155,22 €	6.408.130,76 €	82,56 %	6.361.499,38 €	19.771,14 €	6.341.728,24 €	66.402,52 €

b.- Remanente de Tesouraría:

1. + FONDOS LÍQUIDOS	4.771.617,11
2. + DERECHOS PENDIENTES DE COBRO	342.874,69
a. + Del presupuesto corriente	66.402,52

	b. + De presupuestos cerrados	271.060,22	
	c. + De operaciones no presupuestarias	5.411,95	
3. - OBLIGACIONES PENDIENTES DE PAGO			186.932,16
	a. + Del presupuesto corriente	54.244,80	
	b. + De presupuestos cerrados	1.823,37	
	c. + De operaciones no presupuestarias	130.863,99	
4. - PARTIDAS PENDIENTES DE APLICACIÓN			-29.881,92
	a. - Cobros realizados pdte de aplic.definitiva	33.349,92	
	b. - Pagos realizados pdte de aplic.definitiva	3.468,00	
I. REMANENTE DE TESORERÍA TOTAL (1+2-3+4)			4.897.677,72
II. SALDOS DE DUDOSO COBRO		258.459,47	
III. EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA		20.982,19	
IV. REMANENTE TESORERÍA PARA GTOS GRALES (I+II+III)			4.618.236,06
V. SALDO DE OBLIGACIONES PENDIENTES DE APLICAR AL PRESUPUESTO A FINAL DE PERÍODO		2.473,21	
VI. SALDO DE ACREEDORES POR DEVOLUCIÓN DE INGRESOS AL FINAL DE PERÍODO		16,84	
VII. REMANENTE DE TESORERÍA PARA GASTOS GENERALES AJUSTADO			4.615.746,01

c.- Resultado orzamentario:

CONCEPTOS	DCHOS R. NETOS	OBLIG. R. NETAS	AJUSTES	RTDO PPTARIO
a. Operaciones corrientes	6.080.993,03	4.823.260,10		1.257.732,93
b. Operaciones de capital	324.777,07	1.412.886,49		-1.088.109,42
1. Total operaciones no financieras (a+b)	6.405.770,10	6.236.146,59		169.623,51
c. Activos financieros	2.360,66	3.639,30		-1.278,64
d. Pasivos financieros	0,00	0,00		0,00

2. Total operaciones financieras (c+d)	2.360,66	3.639,30		-1.278,64
RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJ. (1+2)	6.408.130,76	6.239.785,89		168.344,87
AJUSTES (3+4-5)				750.227,33
3. Créditos gastados financiados con RTGG			414.055,80	
4. Desviaciones de financiación negativas del ej.			685.095,20	
5. Desviaciones de financiación positivas del ej.			348.923,67	
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO				918.572,20

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre trala aprobación da citada liquidación e remitir copia do expediente á Administración Xeral do Estado e á Comunidade Autónoma.

E dada conta igualmente do informe de intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do límite de débeda, con motivo da aprobación da liquidación do orzamento de 2019, de data 11 de marzo de 2020, que conclúe: A liquidación do orzamento do Concello de Brión do exercicio 2019 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co límite de débeda, e incumpre a regra do gasto, polo que ten que facerse un plan económico financeiro.

Pola alcaldía expónse que o incumprimento da regra do gasto deriva da gran execución do orzamento de 2019, que foi superior ao 90%, e que xa podía estar feito o plan pero a interventora foise para Malpica e agora desde hai tres días leva acumulado Brión.

O Pleno queda enterado.

5º) MOCIÓNS.

Pola alcaldía expónse que se incluíu na orde do día mocións porque hai dúas presentadas por escrito que se atopan pendentes de tramitar, así como rogos e preguntas, posto que ao non celebrarse o Pleno ordinario do 15.04.2020 por mor do covid-19, se incorporaron por esta alcaldía a este Pleno extraordinario.

As dúas mocións son: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS; e MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CON MOTIVO DO 8 DE MARZO.

Pola alcaldía expónse que están fóra de contexto a día de hoxe.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que aínda que o contido de fondo permanece, agora mesmo pode retirarse, estamos de acordo en que se poida retirar agora mesmo.

Respecto da moción do Partido Popular sinala o Sr. Alcalde que o Concello xa o ven facendo a través da Revista Altamira e a área de cultura da prioridade a actividades con referentes femininas, e con motivo do covid-19 non procede moito.

A Srª Concelleira Fariña Bellón sinala que agora estamos con outras cousas e agora a retiramos, aínda que a situación queda en vigor.

6º) ROGOS E PREGUNTAS.

6.1. Preguntas presentadas por escrito polo PP con data 13.04.2020:

María Fariña Bellón, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Brión, expón:

- 1.- O estado de alarma regulado no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, provocou a paralización de múltiples actividades económicas relevantes para o noso Concello.
- 2.- Polo RD 476/ 2020, de 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma decretado por RD 1463/ 2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada por COVID 19.
- 3.- Con data 29 de marzo entrou en vigor o Real Decreto Lei 10/2020 que levou aparellada a paralización de novas actividades afectando a máis sectores produtivos.
- 4.- Polo Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, entra en vigor o paquete de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID 19.
- 5.- Todo isto leva aparellado un aumento da vulnerabilidade económica das familias do noso Concello, ao existir casos nos que os ingresos das unidades familiares desapareceron ou diminuíron significativamente mentres que os gastos se mantiveron.
- 6.- En base as recomendacións da Organización Mundial da Saúde en materia de prevención contra o contaxio do Covid-19.

Solicita se información sobre os seguintes puntos:

- Cada canto tempo se está a realizar a limpeza de todas as aldeas coa solución desinfectante. Datas e lugares previstos no que se volverán a realizar.
- Se existe información sobre aos veciños de que deben permanecer os basureiros coas tapas abertas como recomendan as autoridades sanitarias.
- Situación da asistencia a domicilio.
- Estado de reparto de alimentos, quen o está a levar a cabo, como e con que periodicidade.
- Situación dos EPIS das persoas traballadoras.
- Organización dos grupos de voluntarios, de existir os mesmos.
- Solucións dadas aos alumnos que non teñen acceso a internet nas súas casas para as realizacións de tarefas relativas ao curso escolar.
- Posibilidade de aprazamento de taxas e demais impostos.
- Se se contempla as axudas a autónomos e pymes.
- Cales son as futuras medidas e plan de continxencia do virus COVID- 19.

6.2. Preguntas presentadas por escrito polo BNG:

Desde o comezo da crise do Covid-19 mantivemos contactos co goberno municipal que nos informou de xeito xenérico que se estaba atendendo ás necesidades das familias de Brión. Pedimos que se concrete esta información:

- 1- A cantas familias se lles está axudando con aportacións, tanto económicas, como de produtos?
- 2- Mantense contacto telefónico coas persoas que pola súa situación poidan necesitalo? Con cantas persoas e con que periodicidade?

3- Está o Concello facilitando a realización de recados como facer a compra de alimentos ou medicamentos a aquelas persoas ás que lle está recomendado non saír da casa e non teñen quen llo poida facer? En cantos casos?

4- Respecto aos empregados de empresas que prestan servizos ao Concello:

- Mantén o Concello contacto directo con estes traballadores e traballadoras?
- Ten o Concello algunha iniciativa para evitar a perda de ingresos deste persoal?

6.3. Preguntas presentadas por escrito polo PP con data 26.04.2020:

María Fariña Bellón en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Brión, Expón:

1.- O estado de alarma regulado no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, provocou a paralización de múltiples actividades económicas relevantes para o noso Concello.

2.- Polo RD 476/2020, de 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma decretado por RD 1463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada por COVID 19.

3.- Con data 29 de marzo entrou en vigor o Real Decreto Lei 10/2020 que levou aparellada a paralización de novas actividades afectando a máis sectores produtivos.

4.- Polo Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, entra en vigor o paquete de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID 19.

5.- Polo Real Decreto 487/2020, de 10 de abril, prorrógase o estado de alarma declarado por Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, ata o 26 de abril.

6.- Anunciase por parte do Goberno de España unha nova prórroga do estado de alarma ata o vindeiro día 10 de maio, con un confinamento máis flexible deixando saír aos nenos menores de 14 anos á rúa.

5.- Todo isto leva aparellado un aumento da vulnerabilidade económica das familias do noso Concello, ao existir casos nos que os ingresos das unidades familiares desapareceron ou diminuíron significativamente mentres que os gastos se mantiveron.

6.- En base ás recomendacións da Organización Mundial da Saúde en materia de prevención contra o contaxio do Covid-19.

Solicítase información sobre os seguintes puntos:

- De existir, número de casos positivos en COVID- 19 e estado dos mesmos.

- Tendo constancia de que o Concello adquiriu recentemente un canon de ozono, queríamos saber que uso se lle val dar ao mesmo e se se considerou a posibilidade de desinfección de vehículos dos veciños do Concello que fan uso del para asistencia ao traballo e/ou dos vehículos de persoas que veñan a traballar a este Concello.

- Debido a que non hai clases presenciais tanto na escola de primaria como de secundaria, e tendo constancia do reparto de material aos alumnos de uns determinados cursos escolares, queríamos saber se todos os nenos do concello teñen acceso a ordenadores e conexión a Internet necesario para poder continuar coa súa formación.

- Estado do reparto de comida e outras necesidades ás familias máis vulnerables do Concello.

- Se se ten contemplada a posibilidade de axudas a pymes e autónomos do Concello.

- Tendo constancia de que dende a Deputación de A Coruña se ten achegado ao Concello a cantidade de 57.484,28 euros para reforzo dos servizos municipais e dende a Xunta de Galicia

se ten ingresado a este Concello o Fondo de Cooperación Local por un importe total de 126.613,21 euros; a que se destinarán os citados fondos aportados pola Xunta e Deputación.

Así mesmo, dende o Partido Popular queremos deixar constancia que a grande maioría dos mesmos foran destinados a:

- Atención ás familias máis necesitadas do Concello que agora mesmo están tendo problemas para chegar a fin de mes co aporte de comida necesaria, como de pagamento das facturas necesarias como luz, gas, e outro tipo de facturas que fagan que este confinamento se faga mais levadeiro.

- Compra de material de equipos de protección individual (sobre todo mascarillas) para cada un dos veciños do Concello, e sexan repartidos polas casas dos veciños.

- Axudas aos autónomos e pymes do Concello para poder solventar os problemas causados por esta crise e facilidades e/ou outras axudas para a compra de material de protección unha vez levantado o confinamento.

Pola alcaldía expónse que o obxecto principal do Pleno era dar conta das medidas tomadas polo Concello con motivo do Covid-19 para xeral coñecemento e creo que coa información que vou dar quedan contestadas todas as preguntas e se algo queda fora poden preguntalo novamente.

MEDIDAS COVID-19

12/03/2020 – Decreto:

- Cancelación de todas as actividades municipais: Extraescolares nenos e adultos, actividades deportivas, escolas deportivas municipais, actividades culturais, actividades para maiores.

- Peche das dependencias: Escola Municipal de Música Magariños, Biblioteca Pública Municipal, Aula Cemit.

- Suspensión da actividade na Escola Infantil dos Ánxeles a partir do luns 16 de marzo. A asistencia o día 13 foi voluntaria e non recomendada.

13/03/2020 – Decreto:

- Limitación da atención presencial ao público nas dependencias municipais aos casos estritamente necesarios.

16/03/2020 – Decreto:

- Peche total durante o estado de alarma da atención presencial nas oficinas municipais.

- Horario reducido de funcionamento dos servizos esenciais municipais con porta pechada de 9 a 14h.

- Declaración servizos públicos esenciais: Oficina rexistro Concello, Servizo Municipal de novas tecnoloxías, Servizos Sociais, Brigada de obras e servizos, Brigada de vías, Seguridade e emerxencias, Conserxería e Servizo de limpeza municipal.

- Potenciación da sede electrónica municipal: sede.concellodebrion.org

- Establécense quendas de traballo para o persoal municipal e implantación do sistema de traballo non presencial, facilitando fórmulas de teletraballo e traballo a distancia.

- Suspéndense todos os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos.

NOVAS TECNOLOXÍAS:

- Actualización da páxina web municipal onde se recollen as medidas adoptadas nos anteriores decretos.
- Inclúese un banner superior na web onde se recollen os teléfonos e a información sobre a pandemia.
- Fomento das redes sociais municipais: Facebook e Twitter onde se van colgando periodicamente as novas salientables e recomendación a tomar sobre o covid-19.
- Posta en marcha de métodos de teletraballo para todos os departamentos municipais, en colaboración coa Deputación de A Coruña, por medio de ferramentas de software libre ou gratuítas.
- Fomento da presentación telemática de documentación a través da sede electrónica municipal, asesoramento a veciños a través de medios telefónicos para axudarlles a realizar calquera trámite.
- Posta en marcha e mantemento do blog da escola infantil municipal. Unha páxina web que recolle actividades que os profesores da escola preparan para o alumnado. A día de hoxe levamos unhas 4000 visitas e máis de 50 actividades colgadas.
- En colaboración coa Deputación de A Coruña, realización de pleno e comisión de servizos de maneira telemática.
- Envío de información pormenorizada sobre as medidas a tomar contra o covid-19 a través da aplicación municipal bandomobi.l
- Difusión do resto das actividades municipais a través das redes sociais: concurso fotográfico, vídeos de receitas, etc..

DEPORTES:

- O Concello de Brión pon en marcha xunto co grupo Servicio BeOne o programa #EuAdestraNaCasa. Un adestramento virtual totalmente gratuíto para manterse activo e en forma dende a casa. Máis de 300 clases virtuais (tonificación, baile, HIIT, meditación, loga, pilates).

CULTURA:

O Concello de Brión mantén o seu compromiso coa cultura, traballando para buscar solucións á variada programación cultural que non se está podendo facer e a que se verá afectada a curto prazo polos efectos do coronavirus. O departamento municipal de Cultura segue a traballar na busca de alternativas para que as múltiples actividades, actos, espectáculos e eventos se apracen, mais non se cancelen. Se manexan varias opcións para poder ofrecer á cidadanía unha completa programación, aínda coas dúbidas que existen sobre a evolución da pandemia, de cando se poderán levar a cabo este tipo de actividades, de cales serán as características dos espazos e os aforos permitidos, e de como se irá avanzando cara a normalidade. Os programas máis afectados son aqueles que anualmente se manteñen nunhas mesmas datas. Son os casos do acto de entrega do Premio Laudamuco de textos teatrais, o programa de maio cultural - letras galegas, o encontro coa arte, as exposicións...

Ademais están diversas actividades que se realizan nos centros de ensino, na biblioteca municipal, os espectáculos de teatro de outono, entre moitos outros. Para todas elas estanse buscando alternativas para que se poidan levar a cabo unha vez as autoridades sanitarias autoricen facelas. Unha das opcións que se barallan é que a programación do 2020 poida estenderse ata o primeiro trimestre do ano 2021. Para iso tamén se está atento ás medidas que se están a adoptar desde a Xunta de Galicia ou a Deputación, xa que boa parte da programación se realiza en colaboración con estas administracións.

Por outro lado, durante estas semanas de confinamento as Escolas Municipais de Música e Baile tradicional de Brión, dependentes do Departamento de Cultura, puxeron en marcha unha iniciativa de compartir nas redes sociais a nosa música e baile tradicional para non perder o fío do aprendido neste curso e así visibilizar a importancia que teñen a música e a danza nas nosas vidas.

Así mesmo, por parte deste departamento iniciouse nas redes sociais un concurso fotográfico #briónquedanacasa para recoller as imaxes do Brión que as veciñas e veciños vén desde as súas fiestras, balcóns, xardíns ou hortas para, por un lado concienciar da importancia de quedarnos na casa mentres dure esta situación e por outro ter unha visión do Brión que poucas veces se nos permite apreciar.

Tamén desde o Departamento de Cultura en coordinación co Departamento de Servizos Sociais do Concello de Brión están a manter contacto coas dirección dos diferentes centros de ensino deste Concello para axudalos en calquera cousa que poidan necesitar. Entre outras cuestións neste momento estanse recollendo nos centros educativos equipos informáticos e materias escolares e o persoal municipal dos departamentos de cultura, deportes, música e novas tecnoloxías están procedendo ao reparto polas diferentes casas do concello.

Por outra banda, en relación á Biblioteca Municipal é importante salientar que aínda que as bibliotecas públicas permanecen pechadas por mor das medidas de contención tomadas para previr a expansión do covid-19, renunciar á lectura non é unha opción. Por iso, e a pesares do peche das instalacións, a biblioteca pública municipal mantense activa a través da súa páxina web e das redes sociais para non perder o contacto coa cidadanía.

Diariamente compártense variados recursos de utilidade e calidade contrastada para a información, a educación e o tempo de lecer, a través da lectura e calquera outra actividade cultural, artística e lúdica susceptible de enriquecer ás/os usuarias/os.

Accións concretas desenvolvidas durante o confinamento:

- Creación dunha nova páxina da biblioteca en Facebook (@bibliotecadebrión) e potenciación da conta de Twitter (@bibliobrión) que a biblioteca ven empregando desde 2008 para manter o contacto coas/cos usuarios. A través destas ferramentas e da páxina web da biblioteca estamos a facer:

- A diario, realízanse unha serie de actuacións para dar visibilidade a biblioteca e difundir os seus servizos entre a cidadanía:

- Información sobre servizos activos da biblioteca e como acceder a eles de xeito telemático durante o confinamento: préstamo dixital, actividades de dinamización, información sobre programas culturais, etc.

- Difusión de noticias e recursos informativos relacionados coa crise do covid-19 desde fontes oficiais fiables, para manter á cidadanía informada e evitar a proliferación de “bulos” e desinformación.

- Recomendacións diarias de lectura e dinamización do préstamo dixital cos recursos dispoñibles nas plataformas de préstamo dixital GaliciaLe-eBiblio (Xunta de Galicia) e ebibliodacoruna (Deputación Provincial da Coruña): libros, audiolibros e audiovisuais dispoñibles para socios da Rede de bibliotecas.

- Solta de libros/Biblioteca dixital: Recomendacións de lectura con acceso gratuíto a libros en formato dixital, dispoñibles na Rede para a súa descarga legal.

- Difusión de recursos variados de acceso na web para o tempo de lecer: manualidades, obradoiros creativos, pasatempos, cursos formativos, etc. Todos eles, abertos e gratuítos.
- Contacontos en vídeo e narración oral en galego. A través de programas como a “Hora do Conto” das bibliotecas municipais, recursos de editoras como KALANDRAKA TV e a narración oral para crianzas e adultos do Colectivo NOGA e de Mancuco Animación (Club de lectura da biblioteca de Brión)
- Recomendacións de películas, series, documentais, programas de TV, cómics, videoxogos, etc, dispoñibles na rede.
- Programas e actividades especiais con motivo de efemérides ou celebración relacionadas coa cultura, a arte o libro e a lectura.
- 2 de abril, Día do libro Infantil e xuvenil: Recomendacións de lectura e préstamo dixital para os máis novos, vídeo contacontos en liña, actividade no twitter chiando coa etiqueta #Diadolibroinfantilbrion os títulos das obras literarias e audiovisuais que máis nos marcaron cando eramos crianzas ou mozas/os.
- 15 de abril, Día da Arte: Recomendacións de lectura e préstamo dixital de obras sobre arte, difusión da figura de Leonardo da Vinci a través de recursos na rede (audiovisuais, artigos en páxinas web), difusión de recursos na rede sobre arte e artistas, lembranza dos Encontros coa Arte de Brión.
- Celebración do 23 de abril, Día do Libro: Solta virtual de libros (constrúe a túa propia biblioteca virtual con recursos de libre distribución) e recomendacións de lectura, contacontos en liña para adultos e crianzas, actividades participativas de dinamización impulsadas pola biblioteca nas redes sociais e dirixidas ás/aos usuarias/os: os libros da nosa vida (#librosdanosavida), Libros con cara(-tula), (#librosconcaratula)
- Máis información e o seguimento destas actividades e outras poden facerse en: bibliotecadebrion.blogspot.com, @bibliotecadebrion (Facebook) e @bibliobrion (Twitter).

SERVIZO DE EMERXENCIAS:

Desde que se declarou a crise do covid-19, o Grupo de emerxencias supramunicipal de Brion viu incrementada a súa labor en tarefas que antes non desempeñaba, tales como desinfección de rúas, exteriores de edificios públicos e concorridos tales como, panaderías, farmacias, estancos ou o propio Concello; esta tarefa desempeñase os 7 días da semana, facendo a maiores e sobre todo cando a meteoroloxía o permite, desinfección co tractor de todos os contedores de lixo do noso Concello, e de paso as zonas máis transitadas de todas as parroquias e aldeas de Brión, moitas veces limitadas por as dimensións do tractor, facéndose imposible o paso, tamén se colabora con servizos sociais na recollida de material para a elaboración de mascarillas, ou na recollida de material que facilitan desde a xefatura - sede provincial de emerxencias,

Zonas de desinfección manual e diaria:

Farmacias. Estancos. Panaderías. Concello. Centro médico. Cuartel garda civil. Residencia 3ª idade. Comerciais. Ferretería. Supermercado. Banco e caixeiro.

En total desde o comezo da corentena cóntanse unhas 550 desinfeccións manuais, e arredor duns 30 cumpreanos, todos estes servizos realízanse, dando sempre a prioridade ás tarefas propias do servizo; para a desinfección das zonas máis alonxadas da base, realízase con persoal que non está de garda.

O servizo a través do Concello ven de adquirir unha máquina de desinfección por ozono, a cal ademais de usarse nas súas instalacións e vehículos, usase en dependencias municipais, e vehículos tanto de policía local como garda civil.

Tamén se está a facer o reparto diario de mascarillas, segundo as instrucións da Xunta de Galicia. O Ges tamén leva a cabo a celebración de cumpreanos a menores de idade durante o estado de alarma.

POLICÍA LOCAL:

- 19 denuncias por saltar o confinamento.
- Realización de controis relativos ao Estado de alarma.
- Reparto de mascarillas os días 18 e 19 de abril: supermercado, panaderías, estancos...
- Coordinación coa garda civil para que o servizo sempre estea cuberto, organizando roldas de mañá, tarde ou noite.

SERVIZOS SOCIAIS:

Seguindo as recomendacións do Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030, e máis as instrucións emanadas desde o Concello de Brión, as adaptacións realizadas no procedemento de atención á cidadanía desde os servizos sociais municipais en consideración das circunstancias impostas polo estado de alarma polo covid-19, están a ser as seguintes:

1. ACCIÓNS XERAIS DE PROTECCIÓN E ATENCIÓN Á POBOACIÓN:

- Posta a disposición dos servizos sociais do persoal da entidade, en aras a prestar os apoios necesarios e da actuación coordinada.
- Accións para a optimización da rede familiar e informal de apoio en todo o territorio, mediante a inserción de información xeral (artigos en web, notas de prensa) e a comunicación e orientación telefónica personalizada a familiares e comunidade próxima de persoas en situación de risco.
- Monitorización preventiva mediante o contacto telefónico pautado, coas persoas usuarias que estiveran recibindo atención nos derradeiros meses, singularmente usuarias de servizos de proximidade: Axuda no Fogar, Xantar a Domicilio, Teleasistencia.
- Contacto cos recursos residenciais da localidade para o ofrecemento de apoio, así como con centros doutras localidades onde residen veciños de Brión con escasos apoios familiares.
- Accións encamiñadas ao reforzo na xestión e acceso da cidadanía ás prestacións recollidas no Catálogo de Referencia de Servizos Sociais: entrevistas telefónicas, recepción on - line de documentación, xestión de recursos (axudas de emerxencia, salarios social, pensións non contributivas, dependencia...)
- Creación e posta en marcha dun protocolo de acción encamiñado a facilitar a información sobre axudas por efecto do covid-19: moratorias, prestacións de desemprego, ERTES, axudas ao consumo de subministrados, ao alugueiro, pagos hipotecarios, ... etc. Elaboración de guías, modelos de solicitude, instancias,...
- Adecuación e introdución dos cambios necesarios nas prescricións do Servizo de Axuda no Fogar, para axustar tarefas, reasignar recursos, facilitar novas altas por razón do estado de alarma (perda de prazas en centros de día/residencia, necesidade de conciliación por peche de centros escolares, perda de coidador, ... etc)

2. PREVENCIÓN DA APARICIÓN DE SITUACIÓNS DE RISCO PSICOSOCIAL EN GRUPOS DE ESPECIAL VULNERABILIDADE:

- Monitorización telefónica pautada e, no seu caso, en coordinación cos corpos e forzas de seguridade do Estado, de unidades familiares en situación de vulnerabilidade por:
 - presenza de menores.
 - familias con menores adolescentes en situación de risco.
 - unidades familiares monomarentais/monoparentais.
 - situacións de soidade imprevista.
 - situacións de violencia contra mulleres, menores ou persoas maiores.
 - persoas con discapacidade, problemas de saúde mental, adiccións.
- Mantemento e reforzo do recurso Banco de Alimentos Municipal, con distribución de existencias pautada e extraordinarias a requirimento, especialmente a familias con menores usuarias do servizo de comedor escolar.
- Elaboración e posta en marcha (en trámite) de novo recurso "Tarxetas Moedeiro", encamiñado a cumprimentar a cobertura de necesidades primarias de xeito non estigmatizante.
- Deseño e implementación de accións on - line de apoio ás familias con nenos de 0-3 anos usuarios/as da Escola Infantil.

3. COOPERACIÓN CO TERCEIRO SECTOR:

- Coordinación e emisión de instrucións ás entidades do terceiro sector e voluntariado para a adaptación das iniciativas aos programas de acción social, en prol da unidade de acción, e da rendibilización de recursos:
 - Coordinación cos Bancos de Alimentos de Cáritas de Os Anxeles e Bastavales.
 - Tutorización de iniciativas sociais para a confección de mascarillas (particulares e empresas), como único recurso dispoñible durante as primeiras semanas do estado de alarma para dotar ao persoal de axuda no fogar.
 - Tutorización, coordinación e loxística para a recollida en domicilio de doazóns de particulares (produtos básicos).
 - Xestión da doazóns de alimentos excedentes cedidos por entidades (CEIP).
 - Accións de fomento da cooperación veciñal e implementación de medidas para a salvagarda do movemento solidario: posta a disposición de espazos na páxina web para a difusión de iniciativas sociais e recoñecementos públicos.

4. COOPERACIÓN INTERINSTITUCIONAL:

- Resposta ás demandas emanadas do sistema sanitario para a atención preferente e urxente por afectación directa do covid-19 (persoas en illamento por contaxio e persoas illadas tras alta hospitalaria, e as súas familias), mediante recursos de proximidade e apoio psicosocial.
- Información aos corpos e forzas de seguridade do Estado de cara á xustificación de desprazamentos necesarios para a atención de situación sociais excepcionais coñecidas e avaliadas polos servizos sociais (menores con síndrome autista, persoas maiores e dependentes que requiren atención básica, outras situación de vulnerabilidade ante covid-19).
- Medidas de apoio ao sistema educativo:
 - Apoio na xestión das axudas económicas a familias para contrarrestar a falla do servizo de comedor escolar.
 - Apoio na xestión para a dotación de material ao alumnado (entrevistas, valoración, distribución de material impreso e equipos).
 - Apoio directo en núcleos familiares con escolares en risco de vulnerabilidade mediante intervención psicosocial, orientación e reforzo.

Remata o Sr. Alcalde sinalando que eu creo dar conta con isto das actividades que fixo o Concello, non quedou ningunha persoa sen atender e se existira algunha e nolo comunican, alí estaremos.

Espero ter dado explicacións ás preguntas presentadas onte, que esta información é esencial para que a coñezan os veciños; no día de hoxe se están a recibir novas ordes sobre como se deben catalogar e estudar determinadas situacións, e é imposible dar datos estatísticos agora, non é prioritario, e desde servizos sociais traballan arreo, non contabilizando, e quero dar as grazas a todo o persoal do Concello que está a traballar, practicamente todo está a traballar, no seu traballo ou noutras labores e solicito a súa comprensión para dar os datos con máis tranquilidade.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que respecto do tema dos datos concretos estou de acordo, pero si nos preocupa a situación dos traballadores das empresas que prestan servizos ao Concello, que non poden perder poder adquisitivo.

O Sr. Alcalde sinala que moi pouco podo dicir, que hai cousas moi claras como a piscina que está explotada en réxime de concesión, queren recuperar este mes, dous, tres, catro meses, os que sexan, non hai problema ningún; os outros están facendo ERTES, pero o Concello non vai pagar ningún gasto que non se realice, o monitor de deportes se non é fixo e non é persoal municipal non se lle vai pagar, e se ten ERTE debería de estar cobrando.

O Sr. Souto Castiñeira sinala que presentaron unha iniciativa para a creación dunha mesa de traballo para a dinamización económica con integrantes do tecido social, para ver as posibilidades de compensar esa perda de ingresos, que se debe empezar a traballar na recuperación económica, e que se puxeron a disposición do Concello desde o primeiro momento.

O Sr. Alcalde sinala que na FEGAMP existe unha páxina de ideas, e agora xunto con Ames temos unha empresa que está traballando buscando solucións para a saída do Covid-19 e cando estea feito virá ao Pleno.

A Sr^a Concelleira Fariña Bellón pregunta se ten pensado facer aprazamentos de taxas e axudas a autónomos e pymes.

Sinala o Sr. Alcalde que as taxas por suposto, así por exemplo na gardería, actividades extraescolares, etc..., e respecto do tema dos autónomos e pymes hai unha administración que ten competencias e alí terá que actuar, todo isto está a mudar, así por exemplo o que pasou coas tapas dos contedores, que primeiro tiñan que quedar abertas e ao día seguinte pechadas; nos temas que sexan da nosa competencia como escola infantil, escola de música, se non se lle deron non se van cobrar, e que en concellos como Arteixo está unha gran empresa, pero aquí non a temos.

Respecto do tema de se suspendeuse a axuda a domicilio, dicir que non, en ningún momento, que houbo persoas que porque os seus fillos deixaron de traballar e estaban na casa e non querían o servizo, ou por medo, o que fixemos inmediatamente foi tirar da lista de agarda que había e cando remate isto do Covid-19 xa veremos o que se fai, si se lles manteñen ou se lle volve dar aos máis necesitados, e se lle dixo que o fixeran así para que esas persoas puideran seguir cobrando.

Engade o Sr. Alcalde que toda a información que teñamos a seguirei dando, diariamente policía local e garda civil dan información sobre número de casos, etc, e se non hai máis nada agradézolles a presenza.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que nos manteña informados con certa periodicidade dos feitos relevantes aos voceiros da oposición.

O Sr. Alcalde sinala que comprométome a elo, a dar información dos temas relevantes, que en Brión hai uns cantos casos e na súa maioría son sanitarios.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González